



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO ALUMNADO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN NOS GABINETES DE PRENSA DA XUNTA DE GALICIA

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, o 4 de xuño de 2021

SUBSCRIBEN

Dunha parte, María del Mar Sánchez Sierra, secretaria xeral de Medios, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto na disposición adicional segunda, do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 7, do 13 de xaneiro de 2020, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

Ambos interveñen, no exercicio das facultades que legalmente lles outorgan os cargos que desempeñan, recoñecéndose mutuamente lexitimación para subscribir o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

I. Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas.

II. Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

III. Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

IV. Con este convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas

seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

1. Este convenio ten por obxecto establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade da Coruña nos Gabinetes de Prensa da Xunta de Galicia.

As prácticas terán carácter extracurricular.

2. Este convenio fixa as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, o desenvolvemento e a verificación das prácticas do alumnado bolseiro na Xunta de Galicia.

Segunda. Convocatoria de prácticas

O número máximo de prazas que se convocarán para realizar as prácticas será de 2.

Terceira. Beneficiarios e requisitos

1. Poderán ser beneficiarios deste convenio o alumnado do Grao en Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña.

2. Para a realización das prácticas académicas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado na titulación oficial establecida no punto anterior.

b) No caso de prácticas curriculares, non ter superados os créditos vinculados a prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas curriculares adxudicadas.

c) Prácticas extracurriculares: Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatorias precedentes, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa empresa; e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.

d) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada en que se van realizar as prácticas.

e) Calquera outro requisito establecido na convocatoria de matrícula ou normativa de aplicación ás prácticas académicas externas.

Cuarta. Selección dos aspirantes

1. Unha Comisión designada pola Universidade preseleccionará o alumnado aspirante. En todo caso deberá garantir os principios de publicidade e concorrencia, así como os de transparencia obxectividade e non discriminación.



A Comisión, con respecto aos principios de mérito e capacidade, avaliará o expediente académico, sendo requisito imprescindible o coñecemento oral e escrito da lingua galega.

Quinta. Plena integración das persoas con discapacidade. Igualdade de xénero

As partes asinantes garanten que o presente convenio promove a efectividade do dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade. Así mesmo, garántese a non discriminación por razón de xénero na acción formativa obxecto deste convenio.

Sexta. Réxime de realización das prácticas. Permisos e resolución anticipada das prácticas

1. A Secretaría Xeral de Medios acollerá ao alumnado seleccionado nos gabinetes de prensa de cada unha das consellerías, da Presidencia da Xunta ou nos seus departamentos territoriais da Xunta de Galicia. Corresponderá á Secretaría Xeral de Medios a distribución do alumnado por seccións, ámbito de actividade e especialización.

2. As prácticas externas curriculares ou extracurriculares realizaranse entre o 16 de xuño e o 31 de agosto. As prácticas externas terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

A duración das prácticas será de 250 horas.

3. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas súas características e as dispoñibilidades da entidade colaboradora e non poderán exceder de 25 horas semanais. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida pola alumna ou alumno na universidade.

4. O réxime de permisos será acordado entre a entidade colaboradora e a alumna ou alumno, e deberá adaptarse ás normas que a universidade poida establecer. En todo caso, a entidade colaboradora deberá respectar as obrigas que se deriven do cumprimento da actividade académica e formativa, así como da representación e participación do alumnado.

5. Poderá ser excluído das prácticas académicas o alumnado que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo titor ou titora da entidade colaboradora. Neste caso, a entidade colaboradora comunicará á universidade esta circunstancia e, de común acordo, ambas as entidades poderán dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos e, de ser o caso, económicos que correspondesen ás persoas beneficiarias.

6. No caso de que as prácticas na entidade colaboradora non se axusten ao acordado poderán ser rescindidas. Nestes casos, a Universidade da Coruña deberá procurar a incorporación do alumno/a noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible terá dereito a que a Universidade da Coruña lle devolva os prezos públicos que no seu caso paga e preferencia na asignación de prácticas na seguinte convocatoria.

Así mesmo, o alumnado en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas.



Sétima. Proxecto formativo.

1. O proxecto formativo en que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o alumnado.

Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. Este proxecto formativo especificase no anexo a este convenio para a realización de prácticas académicas externas.

2. En todo caso, o proxecto formativo cumprirá cos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Oitava. Avaliación do alumnado e certificación da entidade colaboradora

1. Ao rematar o período de prácticas cada alumna ou alumno deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido, que entregará ao titor ou titora académica. O seu contido mínimo axustarase ao que estableza a normativa interna da Universidade, e no seu defecto deberá recoller:

- a) Datos persoais.
- b) Entidade colaboradora en que levou a cabo as prácticas e onde está situada.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas na Entidade, con indicación do(s) departamento(s) da Entidade en que se realizaron.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos seus estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas que se lle presentaron e dos procedementos que se seguiron para resolvelos.
- f) Contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.
- h) Outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do alumnado.

2. A entidade colaboradora remitirá ao centro debidamente cuberto o informe de seguimento final das prácticas, en que poderán constar, entre outros, estes aspectos:

- a) Capacidade técnica.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización dos traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso do alumnado con discapacidade e dificultades de expresión oral, cumprirá indicar o seu grao de autonomía para esta habilidade e se require algún tipo de apoio técnico ou humano.



- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relación coa contorna laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo.
- n) No caso das prácticas curriculares, valoraranse ademais as competencias previstas no proxecto formativo.

3. O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do alumnado, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

4. No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumnado sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada alumna ou alumno unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos, quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a Universidade das prácticas.

Novena. Vinculación do alumnado en prácticas coa entidade colaboradora

1. Dado o carácter formativo das prácticas estarase ao disposto no artigo 2 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (RDPU).

2. A relación entre a Xunta de Galicia e o alumnado bolseiro da Universidade derivada do presente convenio, non comportará relación funcionarial ou laboral de ningún tipo, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

3. A realización destas prácticas académicas non terá a consideración de mérito para o acceso á función pública nin será computada aos efectos de antigüidade ou recoñecemento de servizos previos.

4. O alumnado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na Administración, nin aquelas exclusivas do persoal da Administración, estando, sempre e en todo caso, orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica titorizada.

5. O alumnado bolseiro asignado a este convenio en ningún caso dependerá da Xunta de Galicia, polo que non poderá alegarse dereito ningún nin esixírselle a esta Administración responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas, que no seu caso, poidan existir entre o alumnado bolseiro e a Universidade.



Décima. Bolsa ou axuda de estudos

Estas prácticas académicas externas comportarán unha achega económica ao alumnado bolseiro en forma de bolsa ou axuda de estudos 317,00 euros netos mensuais. Así mesmo engadirase, no seu caso, a cotización á Seguridade Social a cargo do alumnado bolseiro.

Décimo primeira. Seguridade Social

Corresponde á Xunta de Galicia a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e a cotización que de ser o caso corresponda, nos termos que se establecen no Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na Disposición adicional terceira da lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Décimo segunda. Gastos subvencionables e orzamento

Os gastos subvencionables son os correspondentes ás bolsas e, no seu caso, ás cotizacións á Seguridade Social a cargo do alumnado bolseiro.

O orzamento máximo para o pagamento dos gastos subvencionables e, no seu caso, das cotizacións á Seguridade Social a cargo da Secretaría Xeral de Medios, é de 2.727,50 euros, con cargo á aplicación 04.20.461A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021.

Décimo terceira. Seguro prácticas

1. Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para o alumnado menor de vinte e oito anos. Para o alumnado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente no momento da matrícula, a cargo do/da estudante, un seguro específico.

2. A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado que realiza as prácticas tuteladas na entidade, durante o desenvolvemento das prácticas nas que se derivase responsabilidade civil da universidade queda garantida pola propia Universidade.

Décimo cuarta. Dereitos e deberes do alumnado

1. O alumnado en prácticas terá dereito a:

- a) Contar cun titor ou titora externa da entidade colaboradora na que as realice, e un titor ou titora académica da universidade.
- b) Ser avaliado no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor ou titora externa. O alumnado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- c) Que se lle imputen os créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén coa avaliación positiva do seu período de prácticas. No caso das prácticas extracurriculares, A que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndoas constar no expediente e no SET sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.



- d) Expedición, por parte da entidade colaboradora, unha vez finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
- e) Percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- f) Que se lle recoñeza a propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- g) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- h) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- i) Dispoñer, no caso do alumnado con discapacidade, dos recursos necesarios para o acceso á tutela, á información, á avaliación e á realización das prácticas en igualdade de condicións.
- j) Conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.
- k) Aqueloutros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola Universidade e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

2. No caso das prácticas curriculares Se o alumnado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación de prácticas na seguinte convocatoria.

3. Así mesmo terán os dereitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o “ Estatuto do estudante universitario”, e no Estatuto do Estudantado da Universidade da Coruña.

Décimo quinta. Deberes do alumnado

- 1. Durante o período de prácticas, o alumnado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.
- 2. Con relación á entidade en que se desenvolven as prácticas, o alumnado deberá:
 - a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
 - b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
 - c) Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.



- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f) Cumprir calquera outra prevista na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a Universidade da Coruña ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora.

3. O alumnado de prácticas curriculares estará obrigado á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados, de acordo co establecido no plano de estudos, para obtenen o recoñecemento académico.

4. O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

5. O alumnado bolseiro estará suxeito á normativa en materia de subvencións no relativo ás axudas de estudos que se establecen neste convenio.

Décimo sexta. Tutoría

O alumnado en prácticas que se acolla a este programa disporá dunha tutoría académica e outra profesional. A persoa que exerza como titora académica será designada polo centro da Universidade en que curse os seus estudos entre o seu profesorado. A Secretaría Xeral de Medios designará as persoas que exerzan como titoras profesionais, con competencias profesionais na área, que serán os encargados de distribuír ao alumnado bolseiro por seccións, ámbito de actividade e especialización.

As persoas titoras supervisarán as funcións levadas a cabo polo alumnado durante as súas prácticas, asistirano no que for necesario e avaliarán o seu aproveitamento das prácticas

Décimo sétima. Dereitos e deberes dos titores e titoras

1. O titor ou titora externa da entidade colaboradora terá dereito a:

- a) O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade, a través da súa solicitude.
- b) A recibir información acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
- c) A recibir información sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
- d) A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

2. O titor ou titora externa da entidade colaboradora terá os seguintes deberes:

- a) Acoller o alumnado e organizar a actividade consonte o establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.



- c) Informar o alumnado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor ou titora académica da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio, que deberán contemplar:
- i. As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das prácticas.
 - ii. A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - iii. O control de permisos para a realización de exames e/ou outro tipo de actividades de carácter académico.
- e) Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio. O informe final deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o alumnado para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao alumnado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
- g) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.
- h) Facilitar ao titor ou titora académica da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- i) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
- j) Prestar axuda e asistencia ao alumnado durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.
- k) O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes dereitos:
- i. Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
 - ii. Recibir información verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do alumnado que debe tutelar.
 - iii. Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- l) O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes deberes:



- i. Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do alumnado.
- ii. Facer un seguimento efectivo das prácticas, coordinándose co titor ou titora externa da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- iii. Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- iv. Avaliar as prácticas do alumnado titorizado de acordo co que se establece no artigo 28 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade da Coruña (aprobado no Consello de Goberno do 23 de abril de 2013).
- v. Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
- vi. Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- vii. Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Décimo oitava. Efectos das prácticas.

A realización das prácticas curriculares polo alumnado computará para a obtención dos títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.

As prácticas extracurriculares non formarán parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente e no Suplemento Europeo ao Título, sempre que se realizen antes da finalización dos estudos.

Décimo novena. Publicación.

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Vixésima. Protección de datos

1. As partes comprométese a cumprir o establecido no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)*, así como na *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

2. A sinatura deste convenio implica a aceptación do contido do aquí recollido e a autorización para o tratamento dos datos persoais do alumnado coa finalidade exclusiva de xestionar as prácticas e o seguimento da súa inserción laboral.

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable



pola Secretaría Xeral de Medios coas finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

3. A Universidade protexe e garante o dereito fundamental á protección de datos e amósase especialmente sensibilizada pola salvagarda da privacidade das persoas. O tratamento de datos faise de acordo co *Regulamento (UE) 2016/679* citado, coa *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia. Así as cousas, este tratamento responde aos principios de licitude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

4. O alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivese coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o/a estudante poderá asinar coa entidade colaboradora un documento en que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

Vixésimo primeira. Comisión paritaria de Seguimento

1. Constitúese unha comisión mixta paritaria para o seguimento deste convenio, formada por dúas persoas que designe a Universidade e por dúas persoas designadas pola Secretaría Xeral de Medios.

2. A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

- a) Resolver os problemas que presente a súa execución.
- b) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
- c) Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a decisión de dar por finalizadas as prácticas para aqueles alumnos e alumnas que incumpran gravemente as obrigas inherentes ás mesmas.

3. A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.



Vixésimo segunda. Causas de resolución.

1. Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas nel, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

2. A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes.

3. Unha vez extinguido o convenio deberá asegurarse ao alumnado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizalas.

Vixésimo terceira. Vixencia.

A duración deste convenio será ata o 30.09.2021 e non será prorrogable.

Vixésimo cuarta. Xurisdición

As cuestións litixiosas que xurdan sobre á interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes. As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da Comisión de Seguimento.

Non obstante recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das entidades asinantes.

Vixésimo quinta. Réxime xurídico.

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. Para o non regulado neste convenio observarase o previsto nas seguintes disposicións:

- O Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudiante Universitario.
- Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- De ser o caso, seranlle de aplicación as normas sobre afiliación e cotización de prácticas externas realizadas polo alumnado universitario; Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na Disposición adicional terceira da lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social; a disposición adicional vixésimo quinta do Real Decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- O resto da normativa que sexa de aplicación.



O réxime das bolsas observará o previsto nas seguintes disposicións:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Os preceptos con carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e do seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- O resto da normativa que sexa de aplicación.

Para a debida constancia de todo o convido, asínase o presente documento polas persoas comparecentes

POLA UNIVERSIDADE

POLA XUNTA DE GALICIA

O reitor

A secretaria xeral de Medios

Julio Ernesto Abalde Alonso

María del Mar Sánchez Sierra



ANEXO I

PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS DO ALUMNADO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN NOS GABINETES DE PRENSA DA XUNTA DE GALICIA

Obxectivo

Mellorar a aprendizaxe das rutinas de produción propias da actividade xornalística en gabinetes de prensa de institucións públicas.

Competencias específicas

As competencias que se adquiriran coas prácticas na Administración obedecen á seguinte estrutura:

- 1) Competencias técnicas. Os/as estudantes comprenderán a dimensión real do coñecemento técnico do tratamento informativo, desde a produción ata a difusión. Adquiriran a destreza precisa para poder desenvolverse en situacións reais.
- 2) Competencias transversais. Os/as estudantes aprenderán competencias sobre ética, responsabilidade, traballo en equipo e impacto da comunicación masiva na sociedade.

Plan formativo

O plan formativo fundaméntase nos seguintes apartados:

- 1) Proba de selección. Desde o propio momento da proba de selección realizada pola universidade, o/a estudante deberá comprender o obxectivo da praza de prácticas, así como a dimensión do destino solicitado.
- 2) Adaptación á institución pública. A primeira fase do período de prácticas radica na adaptación ás rutinas da institución pública, que será supervisada polos titores designados. Neste período, o/a estudante debe aprender as rutinas diarias, así como o estilo propio da institución pública.
- 3) Formación independente. Unha vez superado o período de adaptación, que dependerá dos criterios da institución pública e da aptitude do/a estudante, poderase establecer un plan de actividades por parte da institución pública para desenvolver as tarefas relacionadas co perfil da praza. Este plan de formación pode realizarse de xeito individual polo/a estudante, pero sempre deberá estar supervisado polo/a titor/a da institución pública.
- 4) Memoria de fin de prácticas. Ao rematar o período de prácticas o/a estudante deberá realizar a memoria correspondente, recollida na normativa de prácticas aprobada pola Xunta de Facultade. Esa memoria debe servir, ademais, para que o/a estudante reflexione sobre o aprendido e sobre futuras liñas de especialización.